



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

REGISTRO XERAL

31. XUL 01 03268

SAIDA

Mediante resolución do 21 de febreiro do 2000 regúlanse as Estancias da titulación de Farmacia. Nela establécense dous periodos para a realización das mesmas. co obxecto de que os alumnos que reúnan os requisitos despois de superar materias na convocatoria de setembro poidan matricularse delas.

Para completa-lo procedemento de realización das Estancias publicouse a resolución do 18 de setembro de 2000 que regula a posibilidade de concorrer á Convocatoria de Fin de carreira para os alumnos que suspendan as Estancias do primeiro período, sen embargo non se establece ningún procedemento no caso dos alumnos que realicen as Estancias no segundo período.

Compre, xa que logo, homoxeneizar os procedementos a seguir para que os alumnos teñan as mesmas oportunidades para supera-las Estancias, e integrar nesta resolución o procedemento da resolución do 18 de setembro do 2000 polo que

Resolvo

Primeiro.- Despois de realiza-las Estancias do primeiro ou do segundo período de cada curso académico, os alumnos deberán face-lo exame teórico que establece o Centro no mes de setembro ou marzo segundo o período de que se trate.

Segundo.- Os alumnos que non superen este primeiro exame serán convocados para a realización dun segundo exame teórico antes do 30 de setembro, os do primeiro período, e antes do 30 de marzo, os do segundo período, nas datas que a tales efectos fixe o centro. En todo caso, entre a realización do primeiro exame teórico e a do segundo deberán transcorrer ó menos cinco días naturais.

Terceiro.- Os alumnos que tra-la realización destas dúas convocatorias non superen o exame teórico das Estancias correspondentes o primeiro período poderán presentarse á realización deste exame na Convocatoria Fin de Carreira nas datas fixadas polo Centro. Cando as Estancias fosen realizadas no período de **setembro-marzo**, poderán formalizar nova matrícula das Estancias na Matrícula Fin de carreira (xullo) para rendir exame teórico en setembro. A formalización desta matrícula devengará os prezos públicos correspondentes polas Estancias, segundo o Decreto de prezos públicos, e a normativa que sexa de aplicación.

Cuarto.- Estes alumnos deberán reúni-los requisitos esixidos pola Normativa da USC respecto do número de créditos que lle poden restar para a obtención do títulos, sen computa-las Estancias.

Quinto.- Queda sen efectos a resolución do 18 de setembro de 2000

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2001



O RECTOR,

Darío Villanueva Prieto.

Sr. Vicerrector de Ordenación Académica e Titulacións; Sr. Secretario Xeral; Sra. Decana da Facultade; Sr. Xefe da Asesoría Xurídica; Sra. Xefa do Servizo de Alumnado, Sr. Xefe da Unidade de Xestión Académica do campus Sur; Sr. Director do Sein e Sr. Director do COIE